

Acta

Acta de reunión da

Titores e titoras PAT das titulacións da Facultade de Filoloxía

Data

13/07/2017

Lugar

Aula 2.4 da Facultade de Filoloxía

Hora de inicio

13:00 h

Hora de finalización

13:44 h

Asistentes

Barros Grela, Eduardo; Cabarcos Traseira, M.^a Jesús; Córdoba Rodríguez, Félix; Estévez Saá, José Manuel; Floyd Moore, Alan; Frías Rudolphi, María; González García, Luis; Liste Noya, José; López Fernández, Teresa; López Viñas, Xoán; Lorenzo Modia, M.^a Jesús; Lourenzo Modia, Cilla; Morales López, Esperanza; Moskowich-Spiegel Fandiño, Isabel; Pena Sueiro, Nieves; Pérez Pascual, José Ignacio; Regueiro Diehl, Mercedes; Samartín López-Iglesias, Roberto; Tato García, Cleofé; Tucci, Emiliana; Valcárcel López, Eva; Vizcaíno Fernández, Carlos Caetano; Woodward Smith, Elizabeth.

Xustifican a ausencia por permiso ou licenza sabática: Alonso Giráldez, José Miguel; Vallín Blanco, Gema.

Desculpan a ausencia: Alonso Ramos, Margarita; Eirín García, Leticia; Fernández Ferreiro, Manuel; Fernández Pérez-Sanjulián, Carme; Ferreiro Fernández, Manuel; Lezcano González, Emma; Núñez Puente, Carolina; Sánchez Rei, Xosé Manuel; Simal González, Begoña; Tato Fontaiña, Laura; Vázquez Veiga, Nancy; Veleiro Pérez, Ana.

Orde do día

1. Avaliación do desenvolvemento do PAT do centro durante o curso 2016/2017
2. Proposta de continuidade de profesorado titor PAT para o curso 2017/2018
3. Propostas de accións de mellora e suxestións para a elaboración do PAT 2017/2018

Acordos adoptados

1. Avaliación do desenvolvemento do PAT do centro durante o curso 2016/2017

En primeiro lugar, intervén o vicedecano de calidade como anterior coordinador do PAT para avaliar o seu desenvolvemento en 2016/2017. Neste curso, como en anos precedentes, funcionou correctamente e non houbo disfuncións salientábeis. A incorporación dos/as titores/as internacionais dentro do PAT foi considerada unha boa práctica dentro do PAT da UDC, que foi seguida por outros centros. Así mesmo, o vicedecano lembra cales son as funcións dos/das titores/as PAT, entre elas a de orientar mais cultivar a autonomía, e chama a atención para o feito de que o profesorado non pode tramitar as queixas do alumnado. A este respecto, a señora decana intervén para esclarecer a diferenza entre unha queixa e unha reclamación.

Noutra orde de cousas, o actual coordinador de PAT da Facultade solicita ao profesorado a súa reflexión sobre o PAT e, no xeral, o profesorado avalía satisfactoriamente o desenvolvemento deste plan e considera ben implantada a cultura da titorización. Tamén é salientada a baixa participación do alumnado neste ano, sobre todo nos graos. Perante isto, indicouse que o profesorado titor está como referente para os/as titorandos/as e que este descenso parece demostrar unha maior autonomía do alumnado titorizado.

2. Proposta de continuidade de profesorado titor PAT para o curso 2017/2018

O profesorado titor expresa a súa vontade de continuar a exercer as funcións de titor/a PAT durante o curso 2017/2018, coa inclusión no PAT dos graos do profesor José Manuel Estévez Saá.

Alén diso, abriuse a convocatoria para pertencer ao PAT a profesorado que non estaba e neste sentido para incorpóranse como novos titores para o curso 2017/2018 o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, así como o contratado posdoutoral Juan de la Cierva Marcos García González e a bolseira de FPU con docencia Encina Fernández Berrocal.

Por outra parte, a profesora Nieves Pena Sueiro causa baixa a partir do próximo curso e o profesor José Miguel Alonso Giráldez solicita deixar de titorizar por motivos persoais durante o curso 2017/2018.

3. Propostas de accións de mellora e suxestións para a elaboración do PAT 2017/2018

O coordinador do PAT e a decana indican que se vai revisar o proxecto de PAT nalgúns puntos, como a incorporación do novo coordinador PAT, a actualización da listaxe de titores/as e do modelo organizativo, así como un reaxustamento do cronograma.

Canto ás accións de mellora, para o curso 2017/2018 propónse como PM1 a inclusión da figura do alumnado mentor dentro do PAT, isto é, alumnado de 3.º e 4.º ano de grao e simultaneidade que titoriza alumnado de novo ingreso; como PM2 fórmulase a solicitude de mellora das enquisas de avaliación do PAT da UDC ás persoas responsábeis.

Pola súa parte, a profesora Cleofé Tato propón que cada titor/a internacional contacte cos/coas alumnos/as entrantes e os/as futuros/as alumnos/as saíntes para intercambiar información e a profesora Carolina Núñez Puente, por correo electrónico, suxire que se podería falar do PAT nas primeiras aulas de docencia para aumentar a participación do alumnado no PAT.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:44 horas.

13 de xullo de 2017



Asdo.:

D. Xoán López Viñas
Coordinador do PAT